



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Urbanismo

Aprobación inicial do proxecto de urbanización da UA 16.3, actualización da UA 16.1 e refundido de ambos para contratación conxunta das obras (15/2021.PUR)

CONCELLARÍA DE URBANISMO

Procedemento.- Proxecto de Urbanización

Expediente.Urbanismo.- 2021/U037/000006

Expediente.Proposta XGL.- 2025/G006/000230

Ref.- LACC/plb

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada o mércores 28 de maio de 2025, adoptouse, entre outros, o **ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA UA 16.3, ACTUALIZACIÓN DA UA 16.1 E REFUNDIDO DE AMBOS PARA CONTRATACIÓN CONXUNTA DAS OBRAS (15/2021.PUR).**

Constan no Certificado de XGL os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización da UA-16.3 e actualización da UA-16.1 e refundido de ambos para a contratación das obras (15/2021.PUR), que será o documento remitido ao órgano ambiental e o anexo de abril de 2025, asinados polo arquitecto don Fernando Pousada García.

SEGUNDO. Someter o proxecto de urbanización a información pública por período de UN (1) MES mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Atopándose así mesmo ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello. Durante o período de información pública, quedará o expediente ao dispor de calquera que queira examinalo, para os efectos de que se presenten as alegacións e suxestións que se consideren pertinentes.

TERCEIRO. Solicitar a Augas de Galicia novamente a autorización xa obtida DH.W15.85670, xa que o prazo para realización das obras era de vinte catro (24) meses contado a partir do día seguinte da recepción da mesma (13/04/2023).

CUARTO. Concluída a información pública, e no caso de haber alegacións presentadas, remítalas aos servizos técnicos e xurídicos para o seu correspondente informe.

Dando cumprimento a punto SEGUNDO, publícase o presente anuncio no BOP de A Coruña e tentouse a notificación individualizada a tódolos propietarios afectados mediante o Servizo de Correos. Entre os destinatarios de notificacións emitidas, figuran como non notificados os seguintes titulares catastrais:

TITULAR	DATA DEVOLUCIÓN	MOTIVO
BARCOVA PROMOCIONES Y OTRO S C	26/08/2025	Non retirado en oficina
DOCAMPO OTERO NICOLAS	02/09/2025	Non retirado en oficina
SUAREZ LOPEZ MARIA [HEREDEROS DE]	26/08/2025	Non retirado en oficina
VARELA VAZQUEZ GENEROSO [HEREDEROS DE]	29/08/2025	Non retirado en oficina
VARELA VAZQUEZ MARIA [HEREDEROS DE]	20/08/2025	Non retirado en oficina

Así mesmo, estarase ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello. Ante a eventualidade de que poidan existir interesados descoñecidos neste procedemento, se ignore o lugar da notificación ou ben tentada a mesma non se puidera practicar, sirva o presente anuncio de notificación coa finalidade e alcance que se contemplan no artigo 44 da Lei 39/2015 de 1 e outubro de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

RECURSOS O presente Acordo, que non esgota a vía administrativa, ten a natureza xurídica de acto administrativo de trámite, polo que non é susceptible de recurso algún, sen prexuízo do disposto no artigo 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como de impugnar no seu día a decisión que poña fin o procedemento se é contrario aos seus dereitos ou intereses

Asinado dixitalmente o 10/09/2025 por D. Luís Alberto Castro Calvete, Concelleiro Delegado en materia de Urbanismo.
PD. 1243/2025 de 08/05/2025.

2025/6143